

# RESUMO PROGRAMACION TIC 2º BAC

## 1. OBXECTIVOS.

OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.

OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.

OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.

OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.

OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.

## 2. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Ordenador persoal - dispositivos dixitais

Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.

Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Aula virtual do centro.

Cada alumno/a ten acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopan instalados todos os programas informáticos necesarios e ten tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a ten acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

Contidos por avaliación:

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Seguridade, benestar e cidadanía dixital	Xestión de riscos e seguridade na rede. Sinatura dixital. Propiedade intelectual dos recursos dixitais.	5	12	X		
2	Corrección de imaxes fixas	Axustes en imaxes dixitais fixas	5	18	X	X	
3	Efectos visuais (VFX)	Realización de efectos visuais (VFX) na edición de vídeo.	5	10		X	
4	Creación e edición de pezas audiovisuais	Elaboración de recursos audiovisuais.	15	18		X	

5	Automatización de tratamento de datos	Autoamtización de datos en follas de cálculo e/ou bases de datos.	5	8		X	
6	Linguaxe HTML e CSS e Ferramentas de interacción virtual	Estructuras básicas da linguaxe HTML e CSS. Adaltación dunha web ou blog.	10	10		X	
7	Programación	Introdución á prgramación orientada a obxectos. Desenvolvemento de aplicacións. Introdución a Git.	15	10			X
8	Proxecto dixital	O alumnado elixirá profundizar nos contidos dos bloques de Programación ou de Audiovisuais á vez que desenvolve o proxecto dixital.	40	30			X

### 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria do curso:  
 $33,3\% 1^{\text{a}}\text{aval} + 33,3\% 2^{\text{a}}\text{aval} + 33,3\% 3^{\text{a}}\text{aval}$

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso:  
 nota obtida na proba obxectiva de recuperación extraordinaria, realizada no ordenador.

### 4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

#### PARA TODAS AS UD

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase.  
 Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores.  
 Peso no total en cada UD: 100%

### 5. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

#### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

A recuperación realizarase por cada trimestre. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba obxectiva de

recuperación extraordinaria no ordenador, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria poderá realizar tarefas para preparar dita proba.